



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

En data 13 de marzo de 2009 a Alcaldía dictou Resolución co seguinte contido na súa parte dispositiva:

**Primeiro.-** Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente a obra **“Rehabilitación da Escola de Música Maestro Camaño”**, xustificando esta avocación na necesidade de dar cumprimento aos prazos establecidos no Real Decreto Lei 9/2008 de 28 de novembro.

**Segundo.-** Adxudicar provisionalmente a obra “Rehabilitación da Escola de Música Maestro Camaño” á empresa Constructora OUTÓN S.L.U., co CIF n.º B-36046126, e domicilio na rúa Forxán n.º 38, Vichona, (CP 36960) de Sanxenxo, polo importe total de 139.999,37 €, cunha mellora sen custe adicional valorada en 7.990,51 €, un prazo de execución de catro meses e unha aportación de man de obra de 15 traballadores sendo 11 da propia empresa e 4 de nova contratación.

**Terceiro.-** Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución ao adxudicatario e requirilo para que no prazo de dez días hábiles, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

**Quinto.-** Dar publicidade á adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

**Sexto.-** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión na a efectos da súa ratificación.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 7 de abril de 2009.